



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo		Código	760492004	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Picatoste Novo, José María	Correo electrónico	j.pnovo@udc.es		
Profesorado	Picatoste Novo, José María	Correo electrónico	j.pnovo@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Este curso consolida a aprendizaxe da Economía, permitindo que o/a alumno/a amplíe a súa formación e coñecemento do funcionamento do mercado de traballo a través do estudo dos principais modelos macroeconómicos que o explican. Afondarase especialmente nas diferentes políticas económicas que afectan ao mercado laboral.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir coñecementos previos de análise económica, co fin de que o/a alumno/a comprenda e domine as ferramentas que lle permitan aproximarse á análise do funcionamento do mercado de traballo.	AP8	BP1 BP2 BP3 BP5	
Coñecer a estrutura e o funcionamento do mercado de traballo desde a perspectiva propia da economía laboral, tanto nos aspectos microeconómicos como macroeconómicos.		BP2 BP3 BP4	CM4
Saber recoñecer a incidencia de determinadas accións de política económica sobre a economía no seu conxunto e, moi especialmente, sobre o mercado laboral		BP2 BP3	CM4
Coñecer o funcionamento do mercado de traballo na Unión Europea, en España e en Galicia, desde unha perspectiva económica, e moi especialmente as políticas económicas adoptadas e as súas implicacións e consecuencias.		BP2 BP3 BP6	CM4
Utilizar axeitadamente as fontes de información relativas á economía laboral e ao mercado de traballo e realizar traballos prácticos a partir daquelas.		BP2 BP3 BP7 BP9	CM3 CM8

Contidos

Temas	Subtemas
PARTE 1. INTRODUCCIÓN	1.1. Introducción ao mercado de traballo 1.2. Medir a economía. Emprego e desemprego 1.3. Fontes de información estatística



PARTE 2. ASPECTOS MACROECONÓMICOS DO MERCADO DE TRABALLO	<p>2.1. Enfoques teóricos para a análise do mercado de traballo</p> <p>2.2. Oferta de traballo. O capital humano</p> <p>2.3. A demanda de traballo. A decisión de contratación da empresa</p> <p>2.4. Equilibrio no mercado laboral e la distribución do ingreso</p>
PARTE 3. AS INSTITUCIÓNS LABORAIS	<p>3.1. Lexislación e administración laboral</p> <p>3.2. Sindicatos e organizacións patronais</p> <p>3.3. Dialogo social</p>
PARTE 4. POLÍTICAS LABORAIS	<p>4.1. Políticas laborais para abordar o desemprego e a desigualdade</p> <p>4.2. Políticas activas de emprego</p> <p>4.3. Políticas pasivas de emprego</p> <p>4.4. O futuro do traballo</p>
PARTE 5.- ASPECTOS TERRITORIAIS DO MERCADO DE TRABALLO	<p>5.1. Estrutura territorial do mercado de traballo</p> <p>5.2. O contexto mundial e europeo</p> <p>5.3. A situación en España e as Comunidades Autónomas</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A8 B3 C4 C8	12	15	27
Lecturas	A8 B6	0	5	5
Obradoiro	B1 C3 C4 C8	4	0	4
Prácticas a través de TIC	B5 C3 C4 C8	0	4	4
Traballos tutelados	B4 B5 B7 B9 C3	6	12	18
Aprendizaxe colaborativa	B5 B9	1	2	3
Proba obxectiva	B1 B2 B9	4	0	4
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación e explicación por parte do profesor dos temas incluídos no programa con apoio de TICs. As devanditas presentacións faranse cunha dinámica participativa por parte do alumnado. O profesor será quen de autorizar, no seu caso, o uso de dispositivos e TICs polo alumnado durante as clases maxistras.
Lecturas	Recomendarase a lectura de textos académicos ou de actualidade, relacionados co contido da asignatura para que os estudantes os analicen, interpreten e os comprendan en base aos coñecementos e ás ferramentas da análise económica e social, que se estudian na materia.
Obradoiro	Realizáanse obradoiros ou conferencias de participantes invitados/as, con persoas directamente relacionadas con proxectos ou experiencias que aporten coñecemento empírico sobre o contido da asignatura. Estes obradoiros poderán ser presenciais ou online.
Prácticas a través de TIC	O alumnado tratará de aplicar o uso das TIC para aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico, baseadas en documentación escrita, audiovisual e de calquera índole, relacionada coa materia, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. Trátase de ampliar coñecementos e obter información para facilitar a aprendizaxe autónoma e o razoamento crítico. A plataforma Moodle será un vehículo importante para a aplicación desta metodoloxía.
Traballos tutelados	Realización de traballos de investigación breves (5-10 páxinas) sobre temas relacionados co programa. Dirixidos polo profesor, afectuarase de forma individual ou en grupos reducidos.



Aprendizaxe colaborativa	Metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe que permite a división da clase en grupos pequenos fomentando o traballo en conxunto para a resolución de tarefas académicas de forma non competitiva. A persoa docente guiará o proceso de resolución de tarefas ben de forma presencial ou ben apoiándose nas TIC.
Proba obxectiva	Proba final para aqueles alumnos/as que non superen a materia ao longo do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Prácticas a través de TIC Traballos tutelados	<p>Apoio a aqueles/as alumnos/as que teñan especial dificultade cos coñecementos previos de teoría económica e cos instrumentos matemáticos de análise.</p> <p>Establecemento da temática dos traballos a realizar. Orientación nos contidos e nas fontes de información. Titoría sobre os avances dos traballos, presentación, conclusións, etc.</p> <p>Asesoramento na sistemática de presentación. Uso de TICs. Formación de grupos de discusión.</p> <p>A equipa docente estará dispoñible para a atención personalizada aos/ás estudantes, sempre que eles/elas o requiran, para aqueles temas que estimen oportuno, en relación co temario da asignatura. Particularmente para a resolución problemas, leituras, etc.</p> <p>Esta atención poderá ser online a través dos mecanismos facilitados pola universidade.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B4 B5 B7 B9 C3	<p>Un ou varios traballos, para unha avaliación dos coñecementos e competencias do conxunto da materia. Poderan realizarse de forma individual ou grupal.</p> <p>Poderá ser realizada presencialmente ou online a través da plataforma Moodle ou outros medios dixitais que se acorden.</p>	40
Proba obxectiva	B1 B2 B9	<p>Valoraranse coñecementos adquiridos ao longo do curso. As probas poderán consistir en cuestións de tipo teórico ou práctico.</p> <p>Poderá ser realizada presencialmente ou online a través da plataforma Moodle ou outros medios dixitais que se acorden.</p>	60
Outros			

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: está prohibido acceder á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información, agás no caso de exames en liña ou así o indique a equipa docente.
2. Identificación do alumno/a: o alumno/a deberá demostrar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

B) TIPOS DE VALORACIÓN:

1. Cualificación de non presentado/a: corresponde ao alumno/a, cando só participa en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, independentemente da cualificación acadada.
2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, aínda que estean exentos de asistencia, serán avaliados cos mesmos criterios que os estudantes a tempo completo.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación indicados anteriormente nesta sección.

Segunda oportunidade: os criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación. Na avaliación da segunda oportunidade (artigo 18, sección 5, das Normas de avaliación, revisión e reclamacións de cualificacións de estudos de bacharel e máster) os estudantes terán a oportunidade de realizar unha proba final, consistente nun cuestionario mixto, equivalente ao 100% da avaliación, na que os estudantes deberán demostrar que acadaron as competencias da materia.

Convocatoria adiantada: as condicións de avaliación da oportunidade adiantada (art. 19 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado) serán específicas para esta oportunidade. Avaliarase mediante unha proba mixta que representará o 100% da nota final.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

Para aprobar a materia será necesario acadar unha nota de 5 sobre 10.

Se se obtén a nota 5 de 10 na avaliación continua (CE) realizada durante o curso, non será necesario realizar os exames finais. Os estudantes que non superen a avaliación continua poderán presentarse ao exame final, consistente nunha proba mixta (100% da avaliación total), na que deberán demostrar que adquiriron os coñecementos e habilidades necesarios para acreditar as competencias relacionadas coa materia.

En caso de plagio aplicarase a correspondente penalización.

OUTRAS RECOMENDACIÓNS:

1. A entrega dos traballos documentais realizados nesta materia:

- a. Solicitarase en formato virtual e / ou soporte informático
- b. Farase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade no comportamento persoal e profesional.
3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase o ambiente para modificalos e promover valores de respecto e igualdade.
4. Facilitarase a plena integración de estudantes que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimentan dificultades para un acceso adecuado, igual e rendible á vida universitaria.
5. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Mc. Connell , S.L. Brue y D.A. Macpherson (2007). Economía Laboral. Madrid- J.A. Palacio Morena y C. Alvarez Aledo (2004). El mercado de trabajo: análisis y políticas. Madrid- Ll. Fina Sanglas (2001). El reto del empleo. Madrid- L. Toharia (1998). El mercado de trabajo en España. Madrid- L. Toharia (Director) (2005). El problema de la temporalidad en España: un diagnóstico. Madrid- L. Toharia (Compilador) (2000). Los mercados transaccionales de trabajo. Madrid- http://www.ine.es (). Instituto Nacional de Estadística.- http://www.mitramiss.gob.es/es/el_ministerio/index.htm (). Ministerio de Trabajo, migraciones y seguridad social.- http://www.seg-social.es (). Seguridade Social.- http://www.ige.eu (). Instituto Galego de Estatística.- http://www.ces-galicia.org/ (). Consello Económico e Social de Galicia.- http://emprego.ceei.xunta.gal/ (). Consellería de Economía, emprego e industria.- http://www.ces.es (). Consello Social (España).- http://www.sepe.es (). Servizo Público de Emprego Estatal.- https://foroeconomicodegalicia.es/ (). Foro Económico de Galicia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías